



PLAN DIXITAL

[CEIP de Figueiroa]

[Versión 1.0_ xuño 2022]

Índice do Plan Dixital

1. 1 **Introdución**

- 1.1. Datos básicos do centro
- 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
- 1.3. Breve xustificación do mesmo
- 1.4. Proceso de elaboración

2. Situación de partida

- 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
- 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
- 2.3. Análise DAFO

3. Plan de Acción

- 3.1. Obxectivos, indicadores e accións
- 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

4. Avaliación do PD

- 4.1. Seguimento do Plan de Acción
- 4.2. Propostas de mellora (revisión)

5. Difusión do PD

1. Introducción

1.1. Datos básicos do centro

CÓDIGO DO CENTRO	36013618
DENOMINACIÓN	CEIP de Figueiroa
DIRECCIÓN	Avda. de Santiago, 101
CÓDIGO POSTAL	36681
LOCALIDADE	A Estrada
CIF.	Q8655109-J
TELÉFONO/FAX	886151019/886151022
PÁXINA WEB	www.ceipdefigueiroa.aestrada.com
CORREO ELECTRÓNICO	ceip.figueiroa@edu.xunta.es

Distribución do alumnado

ETAPA	CURSO	AULAS	TOTAL ALUMNADO	TOTAL NIVEL	TOTAL ETAPA
INFANTIL	4º	A	15	29	122
		B	14		
	5º	A	26	51	
		B	25		
	6º	A	21	42	
		B	21		
PRIMARIA	1º	A	24	49	301
		B	25		
	2º	A	23	48	
		B	25		
	3º	A	24	49	
		B	25		
	4º	A	17	51	
		B	17		
		C	17		

	5°	A	22	58
		B	18	
		C	18	
	6°	A	23	48
		B	25	

Distribución do profesorado do centro

ETAPA	ESPECIALIDADE	PERSOAL DEFINITIVO	PERSOAL NON DEFINITIVO	TOTAL
E. INFANTIL		8	0	8
E. PRIMARIA	E. PRIMARIA	11	1	12
	AUDICIÓN E L.	1	0	1
	PEDAGOXÍA T.	1	1	2
	ORIENTACIÓN	1	0	1
	INGLÉS	2	1	3
	FRANCÉS	1	0	1
	E. FÍSICA	2	0	2
	MÚSICA	1	0	1
	RELIXIÓN	1	0	1
TOTAL		29	3	32

1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

- **Características socioeconómicas e culturais do centro**

O CEIP de Figueiroa atópase no concello da Estrada, a 36 km da capital da provincia de Pontevedra e a 22 km de Santiago de Compostela. O concello consta de 51 parroquias e 457 lugares e está situado nos vales que forman os ríos Ulla, Vea e Tabeirós. Ten unha poboación de 20.261 habitantes. A maioría da poboación procede do concello e de concellos limítrofes galegos. Tamén recibe un 7,39% de habitantes de outras comunidades e un 3,14 de persoas que proceden dun país estranxeiro.

A economía da zona presenta a seguinte distribución por sectores: un 11,5% dos empregados traballa no sector primario; o 35% faíno no secundario, ben na industria, ben na construción, e o 53,5% ten emprego no sector terciario.

Nos últimos anos houbo unha diversificación no campo e ademais dos cereais, nestes momentos a produción de froitas como a mazá, e a comercialización de hortalizas en zonas de proximidade. O sector gandeiro está dedicado ao leite e a carne destacando o gando bovino e a existencia de granxas de porcino e de cría de polos.

No sector secundario destaca a industria que traballa coa madeira, destacando as empresas dedicadas á construción de mobles. Tamén son relevantes as empresas que traballan con material de construción e de transformación da pedra, os torneiros e a construción xera un importante número de empregos no concello.

O sector terciario concéntrase na vila e presenta unha estrutura moi diversificada á que contribúe unha situación privilexiada que favorece os desprazamentos de traballadores ás cidades de Pontevedra ou de Santiago. Presenta unha vida comercial e servizos privados e públicos e un importante número de negocios de hostalería e restauración que nos últimos anos viu como medraba o número de aloxamentos turísticos.

A Estrada está ben comunicada a través da N-640 e da PO-841 e conta cun enlace a autopista AP-53. Conta cunha estación de autobuses que ofrece desprazamentos ás cidades de Santiago e Pontevedra.

O concello tamén conta cos seguintes servizos:

Deportivos: destaca o pavillón polideportivo Coto Ferreiro e o multiusos; numerosos campos de fútbol -entre os que destacan o Novo Municipal de A Estrada, o Manuel Regueiro ou o San Martiño-, pistas de tenis, pista de ciclismo, pistas de pádel e piscinas tanto ao aire libre como a cuberta que aínda que pertence a Academia de Policía está aberta para a poboación de A Estrada. Hai numerosos clubs de moitas disciplinas: fútbol, baloncesto, ciclismo, atletismo, pádel, tenis, bádminton, etc.

Zonas de lecer: Carballeira, parques infantís, praia de Liñares e rutas de sendeirismo sinalizadas, piscinas exteriores que funcionan no verán, áreas verdes preto dos ríos.

Servizos culturais: O concello conta con Biblioteca Municipal, Teatro, Cine (inversión privada), Conservatorio de Música, Fundación Cultural e o Museo Reimóndez Portela. Conta con tres escolas infantís, sete Colexios de Educación Infantil e Primaria, un CPI e dous IES e escola de idiomas. Existen moitas asociacións culturais e veciñais, escolas de gaitas e de baile e outros servizos coma o da Cruz Vermella ou Cáritas.

Na actualidade o concello loita por non perder poboación e estanse a construír novas infraestruturas.

- ***Nivel socio-económico familiar:***

A maioría das familias pertencen a un nivel socio-económico medio, medio-baixo. Hai unha porcentaxe pequena que ten un nivel económico alto e igualmente hai casos nos que o nivel socio-económico é baixo.

O nivel cultural é medio, cunha porcentaxe de familias cun nivel alto relacionado cos estudos que posúen. As expectativas que teñen para os seus fillos e fillas, polo xeral, é que continúen estudos e hai unha porcentaxe alta de alumnado que estuda nas universidades, aínda que o abandono de estudos en secundaria, sen ser alto, existe.

A maior parte das familias colabora de forma activa coa escola.

- ***Incardinación e contribución do PD ao Proxecto Educativo. Relación con outros Plans e proxectos do centro:***

No noso centro existe dende hai tempo, e impulsada de forma decidida polo equipo directivo, un interese pola introdución das novas tecnoloxías da información e comunicación na práctica educativa.

Fomos dos primeiros centros que participaron nos proxectos convocados dende a Consellería de Educación relacionados coas novas tecnoloxías: ABALAR e E-DIXGAL.

Dende a Dirección fíxose un gran esforzo por dotar de equipamento ao centro: PDI, proxectores, ordenadores, etc.

A nosa participación no PLAMBE, Plan Lía, e convocatorias de Biblioteca creativa permitíronos contar cunha impresora 3D, tablets, e-readers e unha radio escolar que favorece a dixitalización nas aulas.

Relacionado con estes pasos tamén se traballou na continua formación do profesorado e a través de PFPP realizáronse curso de manexo da pizarra dixital interactiva, uso das aulas virtuais (Moodle), formación na utilización de aplicacións coma Audacity, editor de vídeo, Scribus, Ardora, JClic, Ex-learning, Edilim, Canvas, etc.

A situación pandémica vivida nos últimos cursos contribuíu tamén á necesidade de traballar a través de aulas virtuais e de maneira non presencial e a implementar un programa de comunicación coas familias e alumnado áxil e que ofrecese a posibilidade de interaccionar de maneira segura.

Na actualidade o centro participa nos seguintes programas relacionados coas novas tecnoloxías: Abalar, E-Dixgal e Snappet. Tamén na realización e creación de recursos a través das actividades propostas dende Biblioteca Creativa, dende a Radio Escolar e dende proxectos coma este ano o Plan Proxecta: do conta á curta ou a nosa participación no Faro da Escola.

- ***Contribución do PD á Programación Xeral Anual do curso 22/23***

O Plan Dixital do centro verase reflectido na Programación Xeral Anual do vindeiro curso porque nel van recollidos distintos compromisos de formación e de actuacións que deberán ser os eixes a través dos cales desenvolvamos as programación de aula.

Cada nivel determinará, á vista dos obxectivos deste Plan Dixital, que contidos, tarefas e actuacións deben ser realizadas co seu alumnado para poden acadar as propostas deseñadas.

Será de gran importancia que a sucesión de contidos nos diferentes cursos permita a progresión adecuada no alumnado na adquisición da competencia dixital necesaria para desenvolver a súa vida.

Teremos que poñer atención no desenvolvemento das tres dimensións da competencia que deben ser atendidas na mesma medida: dar coñecementos tecnolóxicos necesarios para acceder ás aplicacións, á linguaxe e á fontes de información e empregalos de forma satisfactoria; saber empregar todos estes recursos de maneira autónoma, eficiente e coa finalidade de crear contidos e non soamente consumilos e finalmente, desenvolver unha actitude respectuosa, crítica e realista que favoreza o uso ético das tecnoloxías.

1.3. Breve xustificación do mesmo

A **Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio**, de Educación, regula diferentes aspectos relacionados coa competencia dixital e a innovación educativa, así no **artigo 121** establece que o proxecto educativo do centro recollerá, entre outros aspectos, a estratexia dixital do centro, de acordo co establecido no **artigo 111 bis**, no que se establece que "as Administracións educativas e os equipos directivos dos centros promoverán o uso das tecnoloxías da información e a comunicación (TIC) na aula como medio didáctico apropiado e valioso para levar a cabo as tarefas de ensino e aprendizaxe, utilizando os marcos de referencia da competencia dixital que orienten a formación inicial e permanente do profesorado e faciliten o desenvolvemento dunha cultura dixital nos centros e nas aulas."

O **artigo 132** da devandita Lei establece como competencias dos directores e directoras, entre outras, "exercer a dirección pedagóxica, promover a innovación educativa e impulsar plans para a consecución dos fins do proxecto educativo do centro; e fomentar a cualificación e formación do equipo docente, así como a investigación, a experimentación e a innovación educativa no centro".

A **disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021**, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional (DOG 30 de xuño), pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato no curso académico 2021-2022.

A Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022 .

1.4. Proceso de elaboración

O Equipo de Dinamización do Plan Dixital formouse no inicio do presente curso polas seguintes persoas:

- José Manuel Reboredo Baños, director e mestre de EF.
- Montserrat Uzal Puente, xefa de estudos, responsable BE e titora de 6º de EP.
- Jorge Barros Vinseiro, responsable da radio escolar e mestre de EF.
- María Blanco Corral, mentora Adix e mestra de apoio de EI.
- Eva López Sande, titora de 6º EP, coordinadora TIC e Coordinadora do PD de Centro.

Consitúen ademais o Grupo de Traballo que desenvolve o PFPP.

Coa formación da Rede DixitalGal, María Blanco Corral pasa a formar parte do Equipo-ADIX Lalín, pero permanece como membro do Equipo.

O funcionamento do Equipo foi fluído e constante. Mantivo reunións periódicas ben telemáticas, ben presenciais e desenvolveu o seu traballo a partir de documentos compartidos que favorecían o traballo colectivo.

O traballo foise desenvolvendo acorde coas tarefas que se ían demandando dende a Aula Moodle á que tiña acceso a coordinadora. A preparación do SELFIE, así como o calendario de aplicación foron definidos pola Coordinadora. O Test CDD chegounos a través de Fprofe. Con encontros presenciais foron tratados os puntos relacionados co Plan de Acción e a redación do Plan Dixital de Centro.

Coa solicitude de POLOS CREATIVOS, incorpórase ao grupo Rocío Piso Neira, mestra de PT, que será a coordinadora do Equipo no vindeiro curso (a actual coordinadora obtén outro destino no concurso de traslados). Asimesmo, dado o peso que terá a formación incorpórase Gorette López Louro, mestra de 6º EP, como coordinadora do PFPP.

2. Introducción

2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

CONECTIVIDADE. Todo o centro ten conexión a internet por cable e por wifi, excepto o pavillón. A conectividade por voz está presente na planta baixa do edificio e afecta a dirección, orientación, administración e secretaría.

Os SERVIZOS DIXITAIS empregados son:

- XESTIÓN: XADE
- EDUCACIÓN: Moodle, E-Dixgal, Snappet
- COMUNICACIÓN: correo edu.xunta, ABALAR-MÓVIL, e tamén non corporativos: whatsapp, Telegram, Gmail, Drive

O MANTEMENTO é realizado polo Director, a UAC e unha empresa externa contratada que visita o centro todos os martes á tarde.

En canto ao EQUIPAMENTO queda recollido na seguinte táboa, xunto coas necesidades futuras (actuais). Quedan polo tanto o punto 2.1 e 3.2 na seguinte táboa

Código de cor: OBSOLETO PROXECTO Mercado polo centro		2.1. EQUIPAMENTO					3.2 NECESIDADES FUTURAS (ACTUAIS)			
		PC	PDI	PROXECTOR	OUTROS	PC	PORTÁTIL	MONITOR 75" INTERACTIVO	OUTROS	
ADMÓN-SECRETARÍA	2006 – 2016 – 2019					1				
DIRECCIÓN	2022									
XEFATURA	2013									
SALA DE MESTRES/AS	2013 - 2016 (2)			ESCÁNER						
SALÓN DE ACTOS	2016		2008	MESA SON 2009 AMPLIFICADOR 2012 CONTROL LUCES 2018		1				
AULA DE INFORMÁTICA	2009 (7) – 2010 (7) XUGA-2005 (3) XUGA-2007 (7)	XUGA – 2010	XUGA-2012	XUGA PORTÁTIL 2009		1		VÍDEO: ILUMINACIÓN e CHROMA VIDEOCÁMARA TRÍPODES		
BIBLIOTECA			LIA2- PROXECTOR INTERACTIVO	ELBE1- 3 E-READER ELBE2- 26 TABLETS BIBL CREAT IMPRESORA 3D ADIX- MULTIFUNCIÓN		1		25 TABLETS		
RADIO ESCOLAR	RADIO BIBLIO-2016			GRAVADORAS (2) RADIO NA BIBLIO: MESA SON 2018 AURICULARES 2018 (5) MICROS 2018 (5)						
ALMACÉN	2021 (2) E-DIXGAL: 5 ULTR + ROUTER 6 ULTR + ROUTER		2009 2014	SERVIDOR 2010 RACK 2010						
AULA DE MÚSICA	2013 – 2016 (2)	2014	2014				1			
AULA DE INGLÉS	2016		2017	PORTÁTIL 2011			1			
ORIENTACIÓN	2013					1		IMPRESORA		
PT	2013									

AL - 1	2010					1			
AL - 2	2017								
INFANTIL 4ªA	2021	2020							1
INFANTIL 4ªB	2021	2011							1
INFANTIL 5ªA	2021	2014							1
INFANTIL 5ªB	2015	2012	XUGA 2008			1			1
INFANTIL 6ªA	XUGA - 2006	2012				1			1
INFANTIL 6ªB	2016	2014							1
PRIMARIA 1ªA	2021				2018		MONIT. INTERACTIVO 75" 2022		
PRIMARIA 1ªB	2021	2012			2016				1
PRIMARIA 2ªA	2020	2011			2018				1
PRIMARIA 2ªB	2018	2011			2020				1
PRIMARIA 3ªA	2021	2013			2014				1
PRIMARIA 3ªB	2009	2013	XUGA - 2008		XUGA - 2008	1			1
PRIMARIA 4ªA	2016	XUGA - 2015			XUGA - 2006				1
PRIMARIA 4ªB	E-DIXGAL - 2022	E-DIXGAL 2022			E-DIXGAL 2022				
PRIMARIA 5ªA		E-DIXGAL - 2011			E-DIXGAL - 2010		E-DIXGAL: PORTÁTIL 2019 CARRO 2011 +22 ULTRAPORT.		
PRIMARIA 5ªB		E-DIXGAL - 2010			E-DIXGAL - 2010		E-DIXGAL: CARRO 2011+18 ULTRAPORT		
PRIMARIA 5ªC	XUGA - 2016	E-DIXGAL - 2015			E-DIXGAL - 2018		E-DIXGAL: 18 UL TRAPORT.		
PRIMARIA 6ªA		E-DIXGAL - 2011			E-DIXGAL - 2011		E-DIXGAL: PORTÁTIL 2010 CARRO 2010+23 ULTRAPORT.		
PRIMARIA 6ªB		E-DIXGAL 2011			E-DIXGAL 2011		E-DIXGAL: PORTÁTIL 2008 CARRO 2010+25 ULTRAPORT.		
	29 + 28	9 + 11	13 + 13		PORTÁTILES: 4 +	7		31	16

2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO

Autoavaliación SELFIE:

Areas	Grupos	Ensinanzas				
		Primaria	ESO	Bacharelato	FP	Ed. Post sec.
A -Liderado	Equipo Direct.	2,6				
	Profesorado	3				
	Alumnado					
B- Colaboración e redes	Equipo Direct.	2,8				
	Profesorado	2,6				
	Alumnado	3				
C- Infraestruturas e Equipos	Equipo Direct.	3,1				
	Profesorado	3				
	Alumnado	4,2				
D- Desenvolvemento profesional continuo	Equipo Direct.	3,6				
	Profesorado	3,6				
	Alumnado					
E- Pedagogía: Apoio e Recursos	Equipo Direct.	3,7				
	Profesorado	3,6				
	Alumnado					
F- Pedagogía: Implementación na aula	Equipo Direct.	2,9				
	Profesorado	2,9				
	Alumnado	3,9				
G- Prácticas de avaliación	Equipo Direct.	2,8				
	Profesorado	2,5				
	Alumnado					
H- Competencias dixitais do alumnado	Equipo Direct.	3,3				
	Profesorado	3				
	Alumnado	4,3				

Test CDD:

Participación segundo perfil do profesorado

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
DEFINITIVO	22	24	91,7%
PROVISIONAL	4	5	80%
INTERINO	3	3	100%
SUBSTITUTO	5	5	100%
DESPRAZADO	1	1	100%

Puntuación e nivel de competencia do centro

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
68,2	Integrador/a (B1)	76,4	Integrador/a (B1)

Puntuación e nivel de competencia por etapas

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
Inf.	65,3	Integrador/a (B1)	68,2	Integrador/a (B1)
Pri.	69,3	Integrador/a (B1)	77	Integrador/a (B1)

2.3. Distribución do profesorado por niveis

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
A1	2	5,7%
A2	13	37,1%
B1	16	45,7%
B2	4	11,4%
C1		
C2		
TOTAL	35	99,9%

2.3. Análise DAFO

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO	<p>2. C2-Dispositivos dixitais para o ensino. Todas as aulas están dotadas de EDI e proxector.</p> <p>3.C3- Acceso a internet. A wifi está a ser reforzada en todo o centro</p> <p>4.C8- Dispositivos dixitais para a aprendizaxe. Fóra das aulas E-Dixgal, totalmente dotadas para cada individuo, todas as aulas contan con pc e/ou portátil. Ademais na biblioteca contamos con 26 tablets</p> <p>5. C10-Dispositivos dixitais para o aprendizaxe. Hai unha serie de recursos para este fin.</p> <p>6. C14-Espazos físicos. As aulas do centro teñen un tamaño considerable (aínda que se ve contrarrestado pola ratio tan elevada</p>	<p>1. C7- Protección de datos. Son moitas as situacións nas que non se actúa coa seguridade de estar a facer o correcto. Dependencia excesiva da orientación do equipo directivo neste senso.</p> <p>2.C15-Tecnoloxías asistenciais. Ata o momento contamos co hardware necesario, pero o software, ou non é o máis axeitado, ou non se emprega nas aulas.</p> <p>3. C16-Bibliotecas/repositorios en liña. A pesares de empregar múltiples recursos, e compartilos, non contamos cun espazo onde albergar e estruturar eses recursos.</p>
	PERSONAL DOCENTE	<p>1. D1- Necesidades de DPC. A formación en centro é punto a tratar nas primeiras reunións do curso.</p> <p>2. D2-Participación no DPC. Sobre TD hai unha ampla formación que é compartida. E sempre que é posible faise en PFPP para optimizar</p> <p>3. D3- Intercambio de experiencias. Dispoñemos de horario para este fin nas tardes dos martes.</p> <p>4. E1- Recursos educativos en liña. Unha porcentaxe importante do profesorado busca e emprega estes recursos.</p> <p>5. E4- Comunicación con la comunidade educativa. O éxito deste aspecto está moi vinculado ao emprego de ABALARmóvil</p> <p>6. F4- Inclusión do alumnado. A motivación é unha das razóns máis presentes no uso de actividades de aprendizaxe dixitais.</p> <p>7. F5- Colaboración do alumnado. As aulas E-Dixgal permiten as actividades colaborativas</p> <p>8. F3- Fomento da creatividade. Cada vez teñen máis peso actividades como Radio Çescolar, Revista e Xornal escolar.</p>	<p>1. C15- Tecnoloxías asistenciais. Faise necesario incorporar como necesidades de formación docente, o coñecemento de software específico na atención á diversidade.</p> <p>2. F1- Adaptación ás necesidades do alumnado. Non sempre se adapta o método de ensino ás necesidades individuais con tecnoloxías dixitais</p> <p>3. F6- Proxectos interdisciplinares. A pesares de ser unha tradición colaborar cos proxectos de centro que parten da biblioteca, moitas veces supón un aumento de tarefas a facer coa clase e non un auténtico proxecto.</p>
	PERSONAL NON DOCENTE		
	ALUMNADO	<p>1. C8- Dispositivos dixitais para o aprendizaxe. O alumnado participante no cuestionario pertence a aulas E-Dixgal, con dotación suficiente</p> <p>2. C10- Dispositivos dixitais para o aprendizaxe. Existen dispositivos para levar a casa en caso de necesidade que afortunadamente non son necesarios.</p>	<p>1. H4- Verificar a calidade da información. Insuficiente verificación da calidade da información por parte do alumnado. insuficiente coñecemento sobre os dereitos de autor e licencias de uso, sobre os recursos dixitais.</p> <p>2. H7- Creación de contidos dixitais. O alumnado non aprende a crear contidos dixitais nin a comunicarse usando tecnoloxías dixitais</p> <p>3. H13- Resolución de problemas técnicos. O alumnado non aprende a resolver problemas técnicos que xorden ao utilizar tecnoloxías dixitais</p>
	FAMILIAS OFERTA ORGANIZACIÓN DO CENTRO		<p>1. C5- Asistencia técnica. A pesares de non supoñer un problema na actividade cotiá, esta función está a ser desempeñada por profesorado que ten que engadir estas tarefas ao seu traballo.</p> <p>2. C14- Espazos físicos que facilitan o ensino e a aprendizaxe con tecnoloxías dixitais. A falta de</p>

		<p>espazos comúns, pola ocupación do centro a partir da pandemia, non permite dispoñer dun espazo tecnolóxico dixital para empregar no traballo cotiá.</p> <p>3. C15- Tecnoloxías asistenciais para a atención á diversidade. Ata o momento contamos co hardware necesario, pero o software, ou non é o máis axeitado, ou non se emprega nas aulas.</p> <p>4. C16- Bibliotecas/repositorios en liña. A pesares de empregar múltiples recursos, e compartilos, non contamos cun espazo onde albergar e estruturar eses recursos.</p>
--	--	---

EXTERNOS		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
CATEGORÍAS	ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA	<p>1. C1- Infraestrutura. O profesorado que emprega tecnoloxías no seu traballo, conta con dotación suficiente.</p> <p>2. C2-Dispositivos dixitais para o ensino. Todas as aulas están dotadas de EDI e proxector.</p> <p>3.C3- Acceso a internet. A wifi está a ser reforzada en todo o centro</p>	<p>1. A3- Novas modalidades de ensino. Insuficiente tempo para que os docentes podan explorar novas modalidades de ensino no ámbito dixital</p> <p>2. A4- Tempo para explorar o ensino dixital. A nosa xornada laboral nonnos permite dispoñer de tempos para este fin. O profesorado que "explora" o ensino dixital faino no seu tempo libre.</p> <p>3. C5- Asistencia técnica. Función desempeñada por profesorado que ten que engadir estas tarefas ao seu traballo.</p> <p>4. C14- Espazos físicos que facilitan o ensino e a aprendizaxe con tecnoloxías dixitais. A falta de espazos comúns, pola ocupación do centro a partir da pandemia, non permite dispoñer dun espazo tecnolóxico dixital para empregar no traballo cotiá.</p> <p>5. C16- Bibliotecas/repositorios en liña. Non existen (ou non se coñecen) repositorios ou bibliotecas en liña que conteñan materiais de ensinanza aprendizaxe, foro do espazo E-Dixgal/Abalar</p>
	LEXISLACIÓN		<p>1. C7- Protección de datos. Son moitas as situacións nas que non se actúa coa seguridade de estar a facer o correcto. Dependencia excesiva da orientación do equipo directivo neste senso.</p>
	CONTORNA ANPA		
	OUTRAS ENTIDADES	<p>C1- Infraestrutura. Nos grupos de 4º de primaria estase a traballar coa plataforma Snapped e a dotación de tablets</p> <p>1. B3- Uso de tecnoloxías dixitais na colaboración con outras organizacións. Incipientes colaboración entre as bibliotecas escolares do concello, que quedaron freadas pola pandemia</p> <p>2. B4- Colaboración con outras organizacións para apoiar o uso das tecnoloxías dixitais. Colaboracións esporádicas con TADEGA</p>	

3. Plan de Acción

3.1. Obxectivos, indicadores e accións

A formación vai ser vital no próximo curso. Crearemos un PFFP que atinxe a case todos os obxectivos formulados nas seguintes táboas.

Táboa do Plan de Acción do Plan Dixital de Centro para cada obxectivo

"Área/s de mellora": LIDERADO (A5)

1. OBXECTIVO:		Acadado			
Formarse sobre os dereitos de autor, as licenzas Creative Commons e o dereito de cita		Non acadado			
RESPONSABLE:					
Coordinadora de PFPP					
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	PORCENTAXE DE profesores/as que indican o tipo de licenza, así como a cita, nos materiais creados e utilizados				
Valor de partida	5% do profesorado indica a licenza nos materiais que utiliza ou crea				
Valor previsto e data	50% do profesorado indica a licenza nos materiais que utiliza ou crea 22/06/2023				
ACCIÓNS A DESENVOLVER					
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMENTO DA ACCIÓN	
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO
AO1.1: Integración no PFPP do vindeiro curso. Achegamento a partir de <u>materiais</u> de ESCOLATIC e do <u>CURSO</u> do CAFI.	Coordinador TIC	20/09/2022	- Biblio de Carola para a actividade dirixida a todo o Claustro de profesores - Aula virtual do centro como soporte de información - Material do CAFI	Realizada	Realizada
AO1.2: Actividade do PFPP: Búsqueda de REAs (Recursos Educativos Abertos) por ámbitos	Coordinadora PFPP	22/06/2023	Dispositivos para a busca Aula virtual do centro	Aprazada	Aprazada
AO1.3: Actividade dentro do PFPP 22/23. Obradoiro "cómo respectar os Dereitos de Autor e Licenzas nos nosos materiais e recursos educativos".	Coordinadora PFPP	08/11/2022	De xeito presencial, organizar un obradoiro TIC para traballar nas fichas e materiais do noso profesorado respectando Dereitos de Autor. BY-SA	Pendente	Pendente
AO1.4: Produto do PFPP: Aportar ligazóns a materiais axeitados no repositorio da Av do centro	Equipo Biblio-TIC	22/06/2023	Aula Virtual do centro Ligazóns que aporta o profesorado	Realizada	Realizada
				Aprazada	Aprazada
				Pendente	Pendente

Táboa do Plan de Acción do Plan Dixital de Centro para cada obxectivo

"Área/s de mellora": INFRAESTRUCTURAS E EQUIPOS (C16)		Acadado				
2. OBXECTIVO:	PROCOMUN. Crear un repositorio en liña para o profesorado para albergar e clasificar os recursos empregados e creados no PFPF	Non acadado				
RESPONSABLE:	Director do centro					
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	Creación dun repositorio que contemple os recursos clasificados por curso e por materia					
Valor de partida	Non hai un repositorio común, pero si existen blogs e outros espazos que recollen recursos de xeito individual.					
Valor previsto e da	Contar con 1 repositorio que conteña alomenos 2 recursos por ciclo e materia.	22/06/2023				
ACCIÓN A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	Realizada	Aprazada
A02.1: Crear o espazo na Aula Virtual.	Director	21/09/2022	Aula Virtual do centro			
A02.2: Diseñar ese espazo para clasificar os recursos.	Equipo Biblio-TIC	18/10/2022	Bibliografía e webgrafía			
A02.3: Diseñar unhas instrucións para que o profesorado sobre o funcionamento do repositorio	Equipo Biblio-TIC	28 /10/2022	Videotitorial e instrucións escritas			
A02.4: Actualización do repositorio, adicando 1 hora o mes (martes de 6 a 7) para titorizar almacenaxe no repositorio según o traballado no OBX 1	Equipo Biblio-TIC	22/06/23	A Biblio de Carola e dispositivos con acceso a internet			
					Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
					Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Táboa do Plan de Acción do Plan Dixital de Centro para cada obxectivo

"Área/s de mellora": INFRAESTRUCTURA E EQUIPOS (C7)		Acadado				
3. OBXECTIVO:		Non acadado				
RESPONSABLE:						
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO						
Valor de partida						
Valor previsto e data	16/01/2023					
ACCIÓN A DESENVOLVER						
DESCRIPCIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
A03.1: Solicitar formación específica sobre protección de datos dentro do PFPF <u>Protocolo de Protección de datos da Consellería. Materiais</u> específicos de educación.	Coordinadora PFPF	15/09/2022	Servizo formación profesorado	Alomenos o 50% asiste á formación	Realizada	
A03.2: Elaborar un protocolo de protección de datos.	Equipo Biblio-TIC	13/12/2022	Comunidade Educativa: Claustro, PAS e ANPA.	Protocolo realizado e aprobado polo Claustro e polo Consello Escolar.	Realizada	
A03.3: Divulgación do protocolo de protección de datos.	Dirección do centro	12/01/2023	Equipo Directivo, persoa coordinadora e ANPA. Canles dixitais de comunicación do centro.	Protocolo divulgado nos medios dixitais do centro.	Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
					Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Táboa do Plan de Acción do Plan Dixital de Centro para cada obxectivo

"Área/s de mellora": INFRAESTRUCTURA E EQUIPOS (C14)		ACCIÓN A DESENVOLVER	
4. OBXECTIVO:	Crear un ESPAZO MULTIFUNCIONAL adicado a AUDIOVISUAIS que permita desenvolver accións para pequeno ou gran grupo con mobiliario e equipamento necesario	RESPONSABLES	RECURSOS NECESARIOS
RESPONSABLE:	Coordinadora PFPF	DATA PREVISTA FIN	VALORACIÓN DA ACCIÓN
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	O centro dispón dunha aula con todo o necesario para realizar proxectos audiovisuais que emanan das aulas, previa fixación de cita	ESTADO	Realizada Aprazada Pendente
Valor de partida	No centro contamos cunha aula de informática en desuso por estar dotada de equipamento obsoleto	ESTADO	Realizada Aprazada Pendente
Valor previsto e data	O novo espazo de AUDIOVISUAIS permite o traballo (autoxestionado) inmediato	ESTADO	Realizada Aprazada Pendente
DESCRIPCIÓN	ESTADO	ESTADO	ESTADO
A04.1: Liberar a actual aula de informática do equipamento obsoleto e o mobiliario ríxido Acondicionar o local para o novo uso, con solo de madeira e adquisición de mesas abatibles de parede	Equipo Biblio-TIC	20/06/2022	Realizada
A04.2: Solicitar a participación no plan de POLOS CREATIVOS para a dotación de equipamento e mobiliario necesario	Dirección do centro	01/06/2022	Aprazada
A04.3: Solicitude dun PFPF sobre tecnoloxías propias do espazo creativo, para a creación(OBX 5) e clasificación (OBX 2) de contidos dixitais cumprindo a legalidade (OBX 1)	Coordinadora PFPF	27/09/2022	Pendente
A04.4: Elaboración dun videotutorial sobre as posibilidades que ofrece o novo espazo e difundilo entre a comunidade educativa.	Equipo Biblio-TIC	12/09/2022	Realizada
A04.5: Creación dun rexistro para facer a reserva de uso da aula de AUDIOVISUAIS, e/ou do equipamento en aula.	Equipo Biblio-TIC	03/10/2022	Aprazada

Táboa do Plan de Acción do Plan Dixital de Centro para cada obxectivo

"Área/s de mellora": COMPETENCIAS DIXITAIS DO ALUMNADO (H) LIDERADO (A4)

5. OBXECTIVO:		Acadado			
RESPONSABLE:		Non acadado			
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO					
Valor de partida					
Valor previsto e data					
ACCÍONS A DESENVOLVER					
DESCRIPCIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN	
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO
AO5.1: Determinación dos programas e aplicacións máis idóneos para crear contidos dixitais en cada ciclo.	Equipos de ciclo	04/11/2022	Unha sesión de coordinación de ciclo para presentar a iniciativa e organizar a acción. Creación dun espazo web onde clasificar as aportacións do profesorado	Realizada	
				Aprazada	
				Pendente	
AO5.2: Escolla de recursos para a aprendizaxe dos programas en cada ciclo e difusión a través da AV	Equipos docentes de ciclo Equipo Biblio-TIC	22/11/2022	Aula Virtual	Realizada	
				Aprazada	
				Pendente	
AO5.3: Creación de pequenas tarefas adaptadas ás idades coas apps escollidas para cada ciclo	Equipos docentes de ciclo Equipo Biblio-TIC	10/03/2023	Aula Virtual	Realizada	
				Aprazada	
				Pendente	
AO5.4: Elaboración autónoma, de alomenos 2 contidos dixitais en cada clase.	Tutores/as	19/05/2023	Recursos varios: dispositivos, editor de vídeo, de son, videocámara, cámara de fotos, apps online	Realizada	
				Aprazada	
				Pendente	

Táboa do Plan de Acción do Plan Dixital de Centro para cada obxectivo

"Área/s de mellora": INFRAESTRUCTURA E EQUIPOS (C5)		Acadado				
6. OBXECTIVO :		Non acadado				
RESPONSABLE:						
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO						
Valor de partida						
Valor previsto e data		25/11/2022				
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRIPCIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
Mellorar a asistencia técnica. Dotar ao alumnado de EDIXGAL dos coñecementos básicos de resolución técnica	Coordinador E-DIXGAL					
Número de incidencias comúns capaces de identificar e arranxar						
0 incidencias						
incidencias comúns recoñecidas e arranxadas						
A06.1: Formación ao alumnado de 5º e 6º. Obradoiro para identificar problemas técnicos comúns: temperatura, conexión WiFi, duración da batería do portátil, almacenamento do ordenador.	Coordinador EDIXGAL	14/10/2022	Ordenadores	Formación realizada	Realizada	
A06.2: Creación de tarefas e supostos prácticos sobre problemas comúns.	Coordinador EDIXGAL	21/10/2022	Ordenadores	Creación de 10 tarefas sobre resolución técnica	Aprazada	
A06.3: Realización das tarefas por parte do alumnado	Cordinador EDIXGAL e titores	15/11/2022	Ordenadores, aula	70% das tarefas resoltas con éxito	Pendente	
A06.4: Elaboración dun "PREGUNTAS FRECUENTES" en diferente formato (escrito, audiovisual, gráfico) para a súa difusión	Cordinador EDIXGAL e titores	15/11/2022	Editor de vídeo Editor de texto Cámara de foto e videocámara	"PREGUNTAS FRECUENTES" aparece publicado na web do centro e no blog da biblio	Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

Recollido no punto 2.1

4. Avaliación do plan

Quedan establecidas as datas nas que é preciso facer o seguimento das diferentes liñas de acción de cada obxectivo. Na táboa seguinte aparecen reflectidas gráficamente o mes no que é preciso atender a cada liña de actuación.

CEIP DE FIGUEIROA - TEMPORALIZACIÓN DAS LIÑAS DE ACCIÓN												
OBXECTIVO	Liña acción.	21 / 22	CURSO 22/23									
			9	10	11	12	1	2	3	4	5	6
1. Coñecemento sobre os dereitos de autorías, licenzas Creative Commons e o dereito de cita.	1.1											
	1.2											
	1.3											
	1.4											
2. PROCOMÚN. Crear un repositorio en liña para o profesorado para albergar e clasificar os recursos empregados.	2.1											
	2.2											
	2.3											
	2.4											
3. Crear un protocolo de Protección de datos específico do noso centro.	3.1											
	3.2											
	3.3											
4. Crear un ESPAZO MULTIFUNCIONAL adicado a AUDIOVISUAIS que permita desenvolver accións para pequeno ou gran grupo con mobiliario e equipamento necesario.	4.1											
	4.2											
	4.3											
	4.4											
	4.5											
5. Crear autonomía no alumnado na creación de contidos dixitais audiovisuais	5.1											
	5.2											
	5.3											
	5.4											
6. Mellorar a asistencia técnica. Dotar ao alumnado de EDIXBAL dos coñecementos básicos de resolución técnica.	6.1											
	6.2											
	6.3											
	6.4											
7. Mellorar a asistencia técnica. ANTEGA (pendente de ler o novo documento de ANTEGA)	7.1											
	7.2											

TÁBOA DE AVALIACIÓN PROCESUAL						
OBXECTIVO	DATA REV.	ACADADO			OBSERVACIÓNS	MODIFICACIÓNS
O1-A5	22/06/23	SI	NON			
AO1.1	20/09	R	A	P		
AO1.2	22/06	R	A	P		
AO1.3	08/11	R	A	P		
AO1.4	22/06	R	A	P		
O2-C16	22/06/23	SI	NON			
AO2.1	21/09	R	A	P		
AO2.2	18/10	R	A	P		
AO2.3	28/10	R	A	P		
AO2.4	22/06	R	A	P		
O3-C7	16/01/23	SI	NON			
AO3.1	15/09	R	A	P		
AO3.2	15/12	R	A	P		
AO3.3	15/01	R	A	P		
O4-C14	19/12/22	SI	NON			
AO4.1	20/06	R	A	P		
AO4.2	01/06	R	A	P		
AO4.3	27/09	R	A	P		
AO4.4	12/09	R	A	P		
AO4.5	09/01	R	A	P		
O5-H-A4	15/06/23	SI	NON			
AO5.1	04/11	R	A	P		
AO5.2	22/11	R	A	P		
AO5.3	10/03	R	A	P		
AO5.4	19/05	R	A	P		
O6-C5	25/11/22	SI	NON			
AO6.1	14/10	R	A	P		
AO6.2	21/10	R	A	P		
AO6.3	27/10	R	A	P		
AO6.4	15/11	R	A	P		

Será facilitada a cada persoa RESPONSABLE de obxectivo ou liña de acción, unha táboa individualizada que facilite o seguimento das tarefas que teña encomendadas.

- No contexto da **avaliación final** a frecuencia da súa realización será como mínimo unha vez ao ano. Os aspectos a considerar incluírán, entre outros, a valoración do logro dos obxectivos e as propostas de mellora.

TÁBOA DE AVALIACIÓN FINAL					
ÁREA DE MELLORA DigCompOrg	Nº OBX propostos	Nº OBX acadados	Nº OBX en proceso	Nº OBX sen iniciar	Observacións
A	1				
C	4				
H	1				
Total Plan	6				

5. Difusión do plan

O Plan Dixital será dado a coñecer aos membros do Claustro e do Consello Escolar e, unha vez aprobado, será publicado na web do centro para estar a disposición da comunidade educativa. Asimesmo será comunicado por ABALAR ás familias e quedará na secretaría do centro a disposición pública.

ESTE PLAN DIXITAL PRESENTOUSE AO CLAUSTRO O DÍA...30/06/2022
 ESTE PLAN DIXITAL FOI APROBADO EN CONSELLO ESCOLAR O DÍA...30/06/2022

En D ESTRADA a 30 de xuño de 2022.

